– A seguir empadroado e con residencia efectiva, tanto eu como o meu fillo e o meu cónxuxe ou parella, no Concello de Boimorto por un período mínimo de catro anos.

– Á devolución desta axuda por si se incumprira algún dos requisitos esixidos para a súa concesión.

Boimorto, de do

Asdo.:

DECLARACIÓN XURADA

Don/a, con DNI n.ºe domicilio en

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

----- Que non teño nin solicitada, nin recibida, nin pendente de resolución ningunha outra axuda pola mesma finalidade en ningunha administración pública ou organismo competente.

----- Que teño solicitada, e / ou recibida, ou pendente de resolución axuda pola mesma finalidade coas seguinte identificación: -----

Así o fago constar donde conveña.

Boimorto, de do

ORDENANZA ESPECÍFICA REGULADORA DAS BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS MUNICIPAIS PARA TRANSPORTE ESCOLAR

1.-OBXECTO.

É obxecto da presente ordenanza regular bases e convocatoria pública por parte do Concello de Boimorto, para a tramitación e concesión de subvencións destinadas a familias para facer fronte ós gastos de transporte escolar para o curso académico 2015-2016.

2.-REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

Poderán solicitar esta subvención, as persoas físicas pai, nai ou titor dun ou varios nenos/as, que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estar empadroadado/a no Concello de Boimorto durante a totalidade do curso lectivo.
- b) Cursar estudos de Bacharelato ou Formación profesional, para os que sexa necesario desprazarse fóra do Concello de Boimorto durante a totalidade do curso lectivo.
- c) Estar ó día no pago das obrigas tributarias co Concello de Boimorto.
- d) Non ter pendente de xustificación ningunha subvención concedida polo Concello de Boimorto no exercicio anterior, ou ter desistido de forma motivada e por escrito.
- e) Así como cumprir os requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións. Non se admitirán a trámite as solicitudes que non cumpran estes requisitos.

3.-CONTÍA DAS SUBVENCiónS. A subvención acadará os 250 euros por alumno e ano académico. No caso de que as solicitudes aceptadas superen as previsións, e se exceda o crédito destinado a esta subvención, o crédito total previsto prorratearse entre as solicitudes admitidas.

4.-DISPONIBILIDADE ORZAMENTARIA. Para as subvencións incluídas na presente convocatoria, reservárase crédito na partida orzamentaria 326.48900 do Concello de Boimorto, por importe total de 5.000 euros.

5.-DOCUMENTACIÓN.

Para a solicitude da subvención deberase presentar no Rexistro Xeral do Concello de Boimorto a seguinte documentación:

- a) Solicitude normalizada (anexo I).
- b) Fotocopia do DNI do pai, nai ou titor.
- c) Fotocopia do resguardo da matrícula correspondente ó curso 2015/2016.
- d) Acreditación de estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social (anexo II).
- e) Certificación da conta bancaria designada para o ingreso da axuda.

6.-PRAZO.

O prazo para a presentación de solicitudes será de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia. O prazo terá carácter improrrogable.

7.-CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

O órgano correspondente concederá as axudas e subvencións a todos os solicitantes (con límite na disponibilidad orzamentaria) que cumpran os requisitos, tendo en conta a contía establecida no apartado 3 e darase prioridade as solicitudes con número de rexistro de entrada no Concello anterior. Poderá acordarse a distribución equitativa para atender a tódalas solicitudes por importe inferior a 200 € de forma motivada.

8.-TRAMITACIÓN DOS EXPEDIENTES.

Recibidas as solicitudes e comprobados os requisitos, a Xunta de Goberno Local, previo informe da técnica en intervención familiar-psicóloga con proposta de beneficiarios adoptará a resolución motivada que proceda. Dita proposta conterá a relación de solicitantes, as subvencións acordadas e a súa contía, e as denegadas co seu motivo.

9.-OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS:

a) Estar empadroados no Concello de Boimorto. Este extremo comprobarase de oficio polo propio Concello.

b) Asistir ás clases. Para acreditar este extremo, no mes de xuño remítase ó Concello de Boimorto unha certificación expedida polo colexio onde se acredite a asistencia.

c) Comunicarlle ó Concello, tan pronto como se coñeza, a concesión de subvencións solicitadas a outras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin.

d) Cumprir con calquera outra obriga disposta no artigo 14 da Lei xeral de subvencións. O incumprimento dalgunha destas obrigas poderase resolver coa suspensión do pagamento da subvención ou co seu reintegro.

10.-NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA RESOLUCIÓN.

Unha vez concedida a subvención, procederase a súa notificación a tódolos solicitantes nun prazo máximo de 15 días desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas, poderanse formular os recursos que procedan.

11.-DOCUMENTACIÓN PARA A XUSTIFICACIÓN.

A xustificación da subvención farase ca presentación no Rexistro xeral do concello do seguinte documento:

a) Certificación do colexio onde se atope matriculado o estudante nos termos do apartado 9.

b) Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, se é o caso. No suposto de non presentala, entenderase que o beneficiario non obtivo ningunha.

12.-PRAZO DE XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

12.1.-No mes de novembro de 2016 presentarase a xustificación nos termos establecidos nesta convocatoria. Este prazo é improrrogable e finaliza o 30/11/2016. De non presentar a xustificación dentro do prazo establecido nestas bases, ou non desistir de forma motivada e por escrito dentro do mesmo prazo, entenderase que desiste da súa petición, dando lugar á perda do dereito ao seu cobramento e procedéndose á anulación do correspondente compromiso, por resolución da Alcaldía. Estes prazos, entenderanse sen prexuízo do prazo de dez días, que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta.

12.2.-O pagamento da subvención concedida farase efectivo unha vez xustificada o obxecto da subvención. Vista a documentación xustificativa presentada, o órgano competente valorará se se cumpriu a finalidade básica obxecto da subvención e neste caso propondrá que se efectúe o aboamento da subvención mediante ingreso por transferencia bancaria na conta sinalada polo beneficiario.

13.-REINTEGRO.

13.1.-Procederá o reintegro da axuda nos seguintes supostos:

- Falta de xustificación ou xustificación insuficiente.

- Variación nas circunstancias que motivaron a concesión da axuda.

- Demáis supostos previstos no artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

13.2.- O reintegro estará suxeito ás disposicións previstas ao respecto nos artigos 36 e seguintes da Lei xeral de subvencións. O incumprimento parcial ou total das condicións establecidas, a desviación da subvención para actividades ou conceptos non estimados no proceso de tramitación e resolución, o incumprimento da obriga de xustificación, a duplicidade de subvencións para un mesmo programa, sempre que non sexan complementarias, constituirán causa determinante para a cancelación da subvención e a obriga do reintegro das cantidades recibidas.

Procederá a revocación da subvención e o reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas máis o interese legal do diñeiro que resulte de aplicación, dende o momento do abono da subvención ou axuda, nos seguintes supostos: a) Incumprimento da obriga de xustificar.

b) Ocultación ou falsedade de datos ou documentos que servirán de base para a concesión ou obtención da subvención ou axuda sen reunir as condicións requiridas para elo ou o incumprimento de obrigas e requisitos establecidos con carácter xeral nestas bases.

c) Incumprimento da finalidade para a que se concedeu, dado que as subvencións ou axudas de toda índole non poderán ser aplicadas a actividades distintas para as que foron outorgadas, o cal poderá ser verificado polo Ilmo. Concello de Boimorto. d) Incumprimento das condicións impostas con motivo da concesión.

Nos casos anteriormente sinalados o Ilmo. Concello de Boimorto poderá esixir o reintegro do importe total ou parcial da subvención ou axuda ou poderá compensalo con outras subvencións ou transferencias ás que tivese dereito a Entidade, con independencia das responsabilidades a que haxa lugar.

Así mesmo, procederá o reintegro do exceso, nos supostos en que, por concesión de subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, a contía das subvencións ou axudas outorgadas supere o coste da actividade a desenvolver polo beneficiario.

As cantidades a reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público e a súa cobranza levarase a efectos segundo o establecido para este tipo de ingresos na normativa de aplicación ás entidades locais.

14.-COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.

A concesión destas axudas será compatible con calquera outro tipo de becas ou subvencións, agás as que se entreguen coa mesma finalidade.

15.- NORMATIVA SUPLETORIA.

En todo o non previsto nesta ordenanza, aplicarase o disposto nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Boimorto para o 2015, e nas normas legais e regulamentarias de aplicación, Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no RD 887/2006 de 21 de xullo polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, e demais normativa de réxime local aplicable.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.

Queda derogada a ordenanza con bases específicas para o outorgamento destas subvencións do ano 2015.

DISPOSICIÓN FINAL. Esta Ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo ó que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora de bases de réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa. Contra esta Ordenanza poderá interponerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

ORDENANZA ESPECÍFICA REGULADORA DAS BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA SOCIAL

Artigo 1. – Obxecto:

Constitúe o obxecto desta ordenanza o outorgamento dunha prestación non periódica de carácter económico destinada a sufragar gastos específicos de carácter extraordinario necesarios para previr, evitar ou paliar situacións carencias, urxencias sociais ou situacións de marxinação social.

Artigo 2. - Tipos de beneficiarios/as:

Poderán ser beneficiarios/as destas axudas as persoas físicas para si ou para a súa unidade familiar que reúnan os requisitos que se mencionan no apartado seguinte.

Enténdese por unidade familiar a formada por máis de unha persoa cuxos membros, convivan no mesmo domicilio.

Artigo 3. - Requisitos dos beneficiarios/as:

- Ser maior de idade ou menor emancipado.
- Estar empadroado no Concello de Boimorto de forma ininterrompida polo menos cun ano de antigüidade. Excepcionalmente poderán ser beneficiarias, logo de informe dos técnicos municipais de servizos sociais, aquelas persoas que carecendo deste tempo de empadramento en Boimorto a súa situación de urxencia social faga necesaria esta axuda.
- Acreditar a situación de necesidade.
- Achegar a documentación requirida en cada caso.
- Aceptación expresa, por parte da persoa usuaria, das condicións que figuran no deseño de intervención social.
- Acreditar mediante documento de declaración responsable de estar ao corrente das obrigas fiscais e coa Seguridade Social, así coma a declaración xurada ou promesa na que se faga constar que non se recibiu doutros organismos, e para a mesma finalidade, a axuda solicitada

Artigo 4. - Tipos de axudas:

Necesidades básicas non cubertas por outros sistemas de protección:

a) Cobertura de necesidades básicas con carácter xeral: · Alimentos, vestiario, aloxamento e demais indispensables para o desenvolvemento da vida diaria. · Gastos sanitarios: próteses oculares, prótese e arranxos dentais e gastos farmacéuticos e outros de análoga natureza que non poidan ser realizados pola seguridade social

. b) Axudas de uso e mantemento de vivenda: · Fianzas para alugueres de vivendas. · Importes pendentes para evitar o desafiuzamento. · Pequenos arranxos na vivenda habitual cando estes se consideren imprescindibles para a permanencia no domicilio. · Limpezas e desentullos en vivendas.

c) Outros gastos excepcionais, valorados polas persoas técnicas municipais de servizos sociais como indispensables para previr a marxinação e favorecer a normalización de individuos e familias.

d) Desenvolvemento de actividades de inserción socio- laboral tales como:

- Asistencia a cursos de formación: matrículas, material e transporte
- Atención ao menor: Actividades extraescolares, Libros e material escolar

Artigo 5. - Criterios xerais para a concesión das axudas

Para a concesión de axudas económicas haberanse de cumprir os seguintes criterios xerais:

a) Situacións acreditadas de necesidade

b) Que a necesidade obxecto da axuda estea valorada por unha persoa técnica de servizos sociais e integrada nun proceso de intervención social.

c) O pagamento da axuda efectuarase á entidade ou profesional que presta o servizo, cabendo a excepción deste requisito en casos moi xustificados e debidamente salientados no expediente que poderán ser aboadas á persoa solicitante.

Artigo 5. – Criterios de Valoración

Para a concesión da axuda de emerxencia social teranse en conta os seguintes indicadores:

a. Indicador económico: Con carácter excluínte. Carecer de ingresos anuais superiores ao IPREM que se fixe anualmente, incrementado nun 15% por cada un dos membros da unidade familiar. Para os efectos do cómputo dos ingresos para o recoñecemento da prestación, terase en conta a base imponible da última declaración da Renda das persoas físicas, previa aplicación ao mínimo persoal e familiar do imposto; e cando non sexa obrigatorio realizala, acreditará ingresos anuais inferiores ao límite establecido a través de nóminas, certificados do INEM, certificados da Seguridade Social sobre vida laboral ou percepción de pensións, certificación de xuros bancarios e os últimos movementos bancarios e calquera outra que se considere necesaria para acreditar os recursos económicos familiares. Computaranse como recursos a totalidade de ingresos que se obteñan polos conceptos de rendemento de traballo, retribucións, renda, prestacións nos 6 meses anteriores á data da solicitude. Descontarase o gasto de vivenda: alugueiro ou hipoteca, até un máximo de 350 €/mes. No suposto deque sexa unha familia monoparental con máis de un menor a cargo, ou con persoa con eivas ou dependente a cargo, incrementarase nun 0,8 o número de persoas computábeis.

b. Situacións de risco e/ou exclusión social. Valoraranse as situacións de desatención ou problemas de conduta nos menores que integran a unidade familiar; situacións carencias ou de conduta desarraigada que afectan aos proxenitores ou outros adultos integrantes da unidade familiar; situacións de violencia de xénero e outras circunstancias de risco non recollidas nos ítems anteriores.

c. Proceso de Intervención social, individual ou familiar. É para aplicar con persoas e/ou familias en proceso de atención nas que se dan situacións de especial necesidade.

Artigo 6. - Contía da axuda:

A contía máxima da axuda será do 300% dunha mensualidade do IPREM

Artigo 7. - Disponibilidade orzamentaria

A xestión orzamentaria das axudas recollidas na presente Ordenanza efectuarase con cargo á partida 231.48000, destinada para este fin e co límite dos créditos consignados nesta por un importe total de 2.471 €

Artigo 8. – Documentación

- Orixinal e fotocopia para compulsar o Documento Nacional de Identidade dos membros da unidade familiar que o posúan. No suposto de estranxeiros tarxeta de residente, de asilo ou refuxio ou calquera outro documento que permita súa estadía legal no país.

- Orixinal e fotocopia para compulsar do Libro de Familia ou calquera outro documento que acredite convivencia.

- Acreditación dos ingresos económicos de todos os membros da unidade familiar a través de: a) Nóminas, recibos, xustificantes de pensións, certificados do INEM ou calquera outro documento que acredite os ingresos da persoa ou unidade familiar. b) Declaración responsable do interesado/a na que se faga constar, se é o caso, a carencia absoluta de rendas familiares. c) En todo caso, asinarase por todos os membros da unidade de convivencia unha autorización para o acceso aos seus datos do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas. d) Declaración da persoa interesada de estar ao corrente das obrigas fiscais e coa Seguridade Social (artigo 24.4 e 24.5 do Real decreto 887/2006 do 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento xeral de subvencións), así coma a declaración xurada ou promesa na que se faga constar que non se recibiu doutros organismos, e para a mesma finalidade, a axuda que se solicita. e) Declaración de non

estar incurso en ningunha das causas de prohibición para obter a condición de beneficiario/a da axuda.

- Achea dos movementos da conta bancaria dos últimos seis meses.
- Documentos acreditativos da situación de necesidade determinantes da solicitude que deben ser orixinais e se precisan devolución, indicar nestes que se concedeu a axuda para o seu pagamento, así coma o xustificante do seu custo ou presuposto.

Artigo 9. - Tramitación, resolución e notificación ós interesados

- Presentarase solicitude en modelo oficial dirixida a Excelentísima Sra. Alcaldesa e presentada no Rexistro Municipal do Concello. Así mesmo, poderase iniciar tamén de oficio mediante informe emitido polas persoas técnicas municipais de servizos sociais, que iniciará o expediente para todos os efectos.
- Estudo e valoración da petición, ou da situación no caso de terse iniciado de oficio, e das circunstancias familiares por parte dos servizos sociais municipais realizando un informe social da mesma.
- A proposta de concesión ou denegación da axuda será asinada pola Xunta de Goberno Local do Concello de Boimorto
- A proposta de concesión deberá axustarse necesariamente ás características destas axudas e á existencia de crédito axeitado e suficiente.
- Naqueles supostos nos que a situación do beneficiario presente extrema urxencia e gravidade poderase dictar resolución provisional ata que se complete o expediente. Se transcurrido o prazo establecido non completase o expediente ou non se confirmase a urxencia procederase á revogación da axuda e reclamación da cuantía percibidas.
- A resolución adoptada do expediente noificaráselle no domicilio do interesado no prazo de tres meses.

Artigo 10.- Forma de pagamento:

- A xustificación do gasto acreditarase mediante as facturas dos pagamentos e dos gastos realizados que deberán cumprir os requisitos regulamentarios establecidos.
- Os usuarios nunca percibirán as cuantías económicas directamente, o Concello efectuará o pago directamente ó proveedor, trala comprobación da factura correspondente.

Artigo 11.- Obriga dos beneficiarios:

- Destinar as axudas para o fin que foron outorgadas.
- Permitir e facilitar a labor das persoas que foron designadas para verificar a súa situación familiar e económicas.
- Comunicar ó departamento de servizos sociais todas aquelas variacións acaecidas na situación socio-familiar que poidan modificar as circunstancias que motivaron a solicitude.

Artigo 12.-Reintegro das axudas

Será causa de reintegro da axuda concedida o falseamento ou ocultación de datos para obter a axuda ou a baixa no padrón municipal

Artigo 13. - Incompatibilidade das axudas:

Será incompatible a concesión da axuda económica co goce gratuíto de servizos que cubran as mesmas necesidades. Así mesmo, non poderán outorgarse axudas polo mesmo concepto que fosen concedidas por outras Administracións ou organismo público. Exceptuarase este último requisito se a axuda concedida non solucionase a necesidade, podendo neste caso complementarse desde esta Administración sen que en ningún caso poida superar o custo total do obxecto da axuda.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.

Queda derogada a ordenanza con bases específicas para o outorgamento destas subvencións do ano 2015

DISPOSICIÓN FINAL. Esta Ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo ó que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora de bases de réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Contra esta Ordenanza poderá interponerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

ANEXO I

SOLICITUDE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL DO CONCELLO DE BOIMORTO

Nome e apelidos do solicitante.....

DNI..... Teléfono

Enderezo.....

Unidade económica de convivencia

Nome e apelidos	DNI	Idade	Parentesco

Ingresos mensuais

Nome e apelidos	Cantidade

Vivenda

Propia....., Alugada.....

Descrición da a solicitada e o importe da mesma

Declaro: Que son certos os datos que consigno na presenta solicitudes

Documentación que acompaña:

-
-
-
-
-
-
-
-

Boimorto a de de 2016.

Asdo.:

SRA ALCALDESA -PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO

**ANEXO II
DECLARACIÓN RESPONSABLE**

D/Dna..... con DNI..... e domicilio en

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE.

Que non percibo nin percibín no mesmo ano ningunha axuda para a mesma finalidade para a que solicito.

Boimorto a de de 2016.

Asdo.:

Sinala a Alcaldesa que ditas axudas son para natalidade, emerxencia social e transporte escolar. A Alcaldesa dalle a palabra á concelleira do BNG D^a Raquel Val que di que falta indicar prazo de presentación de instancias.

Di a Secretaria que non consta en emerxencia social.

A Alcaldesa indica en emerxencia social menos crédito por facer fronte a axudas do ano anterior con créditos deste ano e pode que o que sobra sexa necesario para aportación a axudas de infravivenda da Xunta.

A concelleira do BNG D^a Raquel Val sinala que si non hai axudas para fomento do emprego.

Resposta a Alcaldesa que non xa que eran incompatibles como estaban con axudas da Xunta e do Estado segundo lle informou a Técnica local de emprego e que por iso non se solicitaban, que para o próximo ano daráselles unha volta.

A Alcaldesa dalle a palabra á concelleira do PSdG-PSOE Ana Ledo que di que lle parece excesivo esixir empadramento para axudas á natalidade de 4 anos.

Resposta a Alcaldesa que se trata de fixar poboación.

Critica a concelleira Ana Ledo en transporte escolar que se faga prorrateo de axuda segundo solicitudes presentadas di que mellor incrementar partida e darlle a todos/as os/as que o soliciten, e que en emerxencia social hai que destinar máis medios non so subvencións.

Sen máis intervencións con 8 votos a favor (5 dos concelleiros do PP, un do concelleiro membro non adscrito e dous dos dous concelleiros do BNG) e con tres votos en contra dos tres concelleiros do PSdG-PSOE o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Derrogar as bases específicas para o outorgamento de subvencións na anualidade 2015 e ratifica-lo contido íntegro do expediente, e na súa consecuencia, aprobar inicialmente as Ordenanzas específicas reguladoras das Bases de concesión de axudas destinadas para incentivo da natalidade, axudas para familias para asunción do custe do transporte escolar, e axudas de emerxencia social que se transcriben como anexo á presente proposta.

SEGUNDO.- Continua-la tramitación do expediente, remitindo Edicto ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comenzarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste concello.

TERCEIRO.- No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.- Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade co disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

ANEXO

ORDENANZA ESPECÍFICA REGULADORA DAS BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS MUNICIPAIS PARA O APOIO Á NATALIDADE

1.-OBXECTO. O obxecto das medidas contempladas nas presentes bases será, por un lado, establecer medidas complementarias de apoio ás unidades familiares do concello de Boimorto e por outro, deseñar mecanismos que axuden a fixar a poboación no concello evitando así o despoboamento que ven sufrindo.

2.-REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

Serán beneficiarios/as destas axudas os pais/nais que estén empadroados en Boimorto que teñan ou adopten un fillo/a no período comprendido entre o 1 de decembro de 2015 e o 30 de novembro de 2016 e cumplan os seguintes requisitos:

- Os pais, ou polo menos, un deles, deberán estar empadroados no concello de Boimorto cunha antelación mínima á data do parto ou adopción de 6 meses.
- Os nenos/as nacidos, ou adoptados, deberán inscribirse no padrón de habitantes do concello de Boimorto.
- O pai/nai ou ámbolos dous deberán comprometerse a seguir empadroados no concello, tanto eles como os nenos/ as, por un período de catro anos dende o nacemento ou adopción.

- O empadramento suporá a residencia efectiva, polo que tanto os beneficiarios como os seus fillos, deberán vivir habitualmente en calquera das parroquias do concello de Boimorto. Esta circunstancia poderá ser comprobada en calquera momento polo Concello solicitando os informes que procedan.

3.–TIPOS E CUANTIAS DAS AXUDAS.

–As axudas serán como máximo de 300 euros por cada fillo nacido ou adoptado entre o 1 de decembro de 2015 e o 30 de novembro de 2016

–No caso de nacementos ou adopcións de fillos con algunha minusvalía recoñecida nun grao igual ou superior ó 33% a cuantía da axuda poderá chegar a 500 euros.

4.–FORMA E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DA AXUDA.

As solicitudes das axudas reguladas na presente convocatoria, cubertas no modelo normalizado habilitado para tal fin (anexo I) presentaranse no rexistro xeral do Concello de Boimorto. As solicitudes deberán ir acompañadas, inexcusablemente da seguinte documentación (por duplicado, un deles será orixinal ou copia compulsada):

- Certificado de padrón e convivencia da unidade familiar, expedido polo Concello, donde figure a data de alta no padrón de habitantes.
- Fotocopia compulsada do libro de familia e do DNI do solicitante.
- Copia do auto xudicial de adopción.
- Declaración xurada das axudas solicitadas ou recibidas pola mesma finalidade.
- Compromiso de seguir empadroados no concello de Boimorto por un período mínimo de catro anos.
- Compromiso de proceder á devolución da axuda no caso de deixar de cumprir algún dos requisitos necesarios para ser beneficiario da mesma, ou ben cando sexa probado por parte do Concello que non se cumpre algún dos mencionados requisitos.
- Certificación dos datos bancarios donde se pretenda recibir o importe da axuda.

Prazo: O prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte ó que se produxo o nacemento ou adopción e finalizará o 30 de novembro de 2016.

5.–ÓRGANOS DE RESOLUCIÓN E PRAZO DE NOTIFICACIÓN.

–A resolución do expediente, previa emisión dos informes que procedan polo departamento de servizos sociais, competará á Xunta de Goberno Local

–O prazo para resolver será DUN MES desde a presentación da solicitude no rexistro xeral do Concello. Transcorrido o devandito prazo sen que se ditase resolución expresa, poderá entenderse desestimada a concesión da axuda ou subvención.

6.–COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS. A axuda contemplada nas presentes bases será compatible con calquera outra axuda coa mesma finalidade que poidan obterse doutros organismos públicos.

7.–FINANCIACIÓN. As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á asignación orzamentaria 231.48000 do orzamento municipal para o 2016 ata un total de 2.000 euros para o exercicio.

8.–NORMATIVA SUPLETORIA. En todo o non previsto nestas bases, aplicarase o disposto nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Boimorto para o 2016, e nas normas

legais e regulamentarias de aplicación, Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no RD 887/2006 de 21 de xullo polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións e demais normativa de réxime local aplicable.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA Quda derrogada a ordenanza con bases específicas para o outorgamento destas subvencións de axuda á natalidade do ano 2015.

DISPOSICIÓN FINAL Esta ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo ó que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora de bases de réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa. Contra esta ordenanza poderá interponerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

ANEXO I

AXUDAS PARA APOIO Á NATALIDADE

Nome e apelidos do solicitante:

DNI n.º:

Enderezo:

Teléfono:

Datos do cónxuxe ou parella (se é o caso)

Nome e apelidos:

DNI n.º:

Datos do fillo/a:

Nome e apelidos:

Data de nacemento ou adopción:

DATOS BANCARIOS:

- Caixa ou banco:

- Sucursal:

- N.º conta (con tódolos díxitos):

- Titular:

DNI:

Boimorto, ... de ... do ...

Sinatura do solicitante ou persoa que o representa

ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO

COMPROMISO DE EMPADROAMENTO E DEVOLUCIÓN DA AXUDA POR INCUMPLIMENTO DALGUN REQUISITO

Don/a con DNI n.º e domicilio en

1COMPROMÉTOME:

– A seguir empadroado e con residencia efectiva, tanto eu como o meu fillo e o meu cónxuxe ou parella, no Concello de Boimorto por un período mínimo de catro anos.

– Á devolución desta axuda por si se incumpriera algún dos requisitos esixidos para a súa concesión.

Boimorto, de do

Asdo.:

DECLARACIÓN XURADA

Don/a, con DNI n.ºe domicilio en

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

----- Que non teño nin solicitada, nin recibida, nin pendente de resolución ningunha outra axuda pola mesma finalidade en ningunha administración pública ou organismo competente.

----- Que teño solicitada, e / ou recibida, ou pendente de resolución axuda pola mesma finalidade coas seguinte identificación: -----

Así o fago constar donde conveña.

Boimorto, de do

ORDENANZA ESPECÍFICA REGULADORA DAS BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS MUNICIPAIS PARA TRANSPORTE ESCOLAR

1.-OBJECTO.

É obxecto da presente ordenanza regular bases e convocatoria pública por parte do Concello de Boimorto, para a tramitación e concesión de subvencións destinadas a familias para facer fronte ós gastos de transporte escolar para o curso académico 2015-2016.

2.-REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

Poderán solicitar esta subvención, as persoas físicas pai, nai ou titor dun ou varios nenos/as, que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estar empadroado/a no Concello de Boimorto durante a totalidade do curso lectivo.
- b) Cursar estudos de Bacharelato ou Formación profesional, para os que sexa necesario desprazarse fóra do Concello de Boimorto durante a totalidade do curso lectivo.
- c) Estar ó día no pago das obrigas tributarias co Concello de Boimorto.
- d) Non ter pendente de xustificación ningunha subvención concedida polo Concello de Boimorto no exercicio anterior, ou ter desistido de forma motivada e por escrito.
- e) Así como cumprir os requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións. Non se admitirán a trámite as solicitudes que non cumpran estes requisitos.

3.-CONTÍA DAS SUBVENCiónS. A subvención acadará os 250 euros por alumno e ano académico. No caso de que as solicitudes aceptadas superen as previsións, e se exceda o crédito destinado a esta subvención, o crédito total previsto prorratearse entre as solicitudes admitidas.

4.-DISPONIBILIDADE ORZAMENTARIA. Para as subvencións incluídas na presente convocatoria, reservárase crédito na partida orzamentaria 326.48900 do Concello de Boimorto, por importe total de 5.000 euros.

5.-DOCUMENTACIÓN.

Para a solicitude da subvención deberase presentar no Rexistro Xeral do Concello de Boimorto a seguinte documentación:

- a) Solicitude normalizada (anexo I).
- b) Fotocopia do DNI do pai, nai ou titor.
- c) Fotocopia do resgardo da matrícula correspondente ó curso 2015/2016.
- d) Acreditación de estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social (anexo II).
- e) Certificación da conta bancaria designada para o ingreso da axuda.

6.-PRAZO.

O prazo para a presentación de solicitudes será de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia. O prazo terá carácter improrrogable.

7.-CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

O órgano correspondente concederá as axudas e subvencións a todos os solicitantes (con límite na disponibilidad orzamentaria) que cumpran os requisitos, tendo en conta a contía establecida no apartado 3 e darase prioridade as solicitudes con número de rexistro de entrada no Concello anterior. Poderá acordarse a distribución equitativa para atender a tódalas solicitudes por importe inferior a 200 € de forma motivada.

8.-TRAMITACIÓN DOS EXPEDIENTES.

Recibidas as solicitudes e comprobados os requisitos, a Xunta de Goberno Local, previo informe da técnica en intervención familiar-psicóloga con proposta de beneficiarios adoptará a resolución motivada que proceda. Dita proposta conterá a relación de solicitantes, as subvencións acordadas e a súa contía, e as denegadas co seu motivo.

9.-OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS:

- a) Estar empadroados no Concello de Boimorto. Este extremo comprobarase de oficio polo propio Concello.
- b) Asistir ás clases. Para acreditar este extremo, no mes de xuño remítase ó Concello de Boimorto unha certificación expedida polo colexio onde se acredite a asistencia.
- c) Comunicarlle ó Concello, tan pronto como se coñeza, a concesión de subvencións solicitadas a outras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin.
- d) Cumprir con calquera outra obriga disposta no artigo 14 da Lei xeral de subvencións. O incumprimento dalgunha destas obrigas poderase resolver coa suspensión do pagamento da subvención ou co seu reintegro.

10.-NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA RESOLUCIÓN.

Unha vez concedida a subvención, procederase a súa notificación a tódolos solicitantes nun prazo máximo de 15 días desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas, poderanse formular os recursos que procedan.

11.-DOCUMENTACIÓN PARA A XUSTIFICACIÓN.

A xustificación da subvención farase ca presentación no Rexistro xeral do concello do seguinte documento:

- a) Certificación do colexio onde se atope matriculado o estudante nos termos do apartado 9.
- b) Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, se é o caso. No suposto de non presentala, entenderase que o beneficiario non obtivo ningunha.

12.-PRAZO DE XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

12.1.-No mes de novembro de 2016 presentarase a xustificación nos termos establecidos nesta convocatoria. Este prazo é improrrogable e finaliza o 30/11/2016. De non presentar a xustificación dentro do prazo establecido nestas bases, ou non desistir de forma motivada e por escrito

dentro do mesmo prazo, entenderase que desiste da súa petición, dando lugar á perda do dereito ao seu cobramento e procedéndose á anulación do correspondente compromiso, por resolución da Alcaldía. Estes prazos, entenderanse sen prexuízo do prazo de dez días, que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta.

12.2.-O pagamento da subvención concedida farase efectivo unha vez xustificada o obxecto da subvención. Vista a documentación xustificativa presentada, o órgano competente valorará se se cumpriu a finalidade básica obxecto da subvención e neste caso proporá que se efectúe o aboamento da subvención mediante ingreso por transferencia bancaria na conta sinalada polo beneficiario.

13.-REINTEGRO.

13.1.-Procederá o reintegro da axuda nos seguintes supostos:

- Falta de xustificación ou xustificación insuficiente.
- Variación nas circunstancias que motivaron a concesión da axuda.
- Demáis supostos previstos no artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

13.2.- O reintegro estará suxeito ás disposicións previstas ao respecto nos artigos 36 e seguintes da Lei xeral de subvencións. O incumprimento parcial ou total das condicións establecidas, a desviación da subvención para actividades ou conceptos non estimados no proceso de tramitación e resolución, o incumprimento da obriga de xustificación, a duplicidade de subvencións para un mesmo programa, sempre que non sexan complementarias, constituirán causa determinante para a cancelación da subvención e a obriga do reintegro das cantidades recibidas.

Procederá a revocación da subvención e o reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas máis o interese legal do diñeiro que resulte de aplicación, dende o momento do abono da subvención ou axuda, nos seguintes supostos: a) Incumprimento da obriga de xustificar.

b) Ocultación ou falsedade de datos ou documentos que servirán de base para a concesión ou obtención da subvención ou axuda sen reunir as condicións requiridas para elo ou o incumprimento de obrigas e requisitos establecidos con carácter xeral nestas bases.

c) Incumprimento da finalidade para a que se concedeu, dado que as subvencións ou axudas de toda índole non poderán ser aplicadas a actividades distintas para as que foron outorgadas, o cal poderá ser verificado polo Ilmo. Concello de Boimorto. d) Incumprimento das condicións impostas con motivo da concesión.

Nos casos anteriormente sinalados o Ilmo. Concello de Boimorto poderá esixir o reintegro do importe total ou parcial da subvención ou axuda ou poderá compensalo con outras subvencións ou transferencias ás que tivese dereito a Entidade, con independencia das responsabilidades a que haxa lugar.

Así mesmo, procederá o reintegro do exceso, nos supostos en que, por concesión de subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, a contía das subvencións ou axudas outorgadas supere o coste da actividade a desenvolver polo beneficiario.

As cantidades a reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público e a súa cobranza levarase a efectos segundo o establecido para este tipo de ingresos na normativa de aplicación ás entidades locais.

14.-COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.

A concesión destas axudas será compatible con calquera outro tipo de becas ou subvencións, agás as que se entreguen coa mesma finalidade.

15.- NORMATIVA SUPLETORIA.

En todo o non previsto nesta ordenanza, aplicarase o disposto nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Boimorto para o 2015, e nas normas legais e regulamentarias de aplicación, Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no RD 887/2006 de 21 de

xullo polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, e demais normativa de réxime local aplicable.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.

Queda derogada a ordenanza con bases específicas para o outorgamento destas subvencións do ano 2015.

DISPOSICIÓN FINAL. Esta Ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo ó que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora de bases de réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa. Contra esta Ordenanza poderá interponerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

ANEXO I SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA TRANSPORTE ESCOLAR. ANUALIDADE 2016 CONCELLO DE BOIMORTO

I.- DATOS DO ALUMNO

Nome e apelidos do alumno

DNI:

Data nacemento:

Enderezo a efectos de notificación

Nome apelidos do pai nati ou titor

DNI

Teléfono/s de contacto

II.-TRANSPORTE

Percorrido a realizar:

Transporte empregado:

¿Cantas viaxes realizas ó día?:

¿Cantas viaxes realizas á semana?

III.- RELACIÓN DE DOCUMENTACIÓN ADXUNTA:

.

.

Boimorto a de de 2016

Sinatura:

SRA. ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO

DECLARACIÓN REALIZADA POR REPRESENTANTE/S

Don/Dona

con DNI

como representante de

con DNI:(ou directamente o solicitante maior de idade)

DECLARA:

.-Que estou ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

.-Que non está incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de subvencións conforme o artigo 13 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e que coñezo e acepto as bases da convocatoria.

.-Que o conxunto de axudas solicitadas ou concedidas relacionadas coas subvención solicitada, procedente de calquera administración ou ente público ou privado son as seguintes:

Entidade Concedente

Cantidade Solicitada

Cantidade Concedida

__ NINGUNHA OUTRA AXUDA (marcar este recadro en caso afirmativo)

_____ a _____ de _____ de 2016

Sinatura:

SRA. ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO

ORDENANZA ESPECÍFICA REGULADORA DAS BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA SOCIAL

Artigo 1. – Obxecto:

Constitúe o obxecto desta ordenanza o outorgamento dunha prestación non periódica de carácter económico destinada a sufragar gastos específicos de carácter extraordinario necesarios para previr, evitar ou paliar situacións carencias, urxencias sociais ou situacións de marxinación social.

Artigo 2. - Tipos de beneficiarios/as:

Poderán ser beneficiarios/as destas axudas as persoas físicas para si ou para a súa unidade familiar que reúnan os requisitos que se mencionan no apartado seguinte.

Enténdese por unidade familiar a formada por máis de unha persoa cuxos membros, convivan no mesmo domicilio.

Artigo 3. - Requisitos dos beneficiarios/as:

- Ser maior de idade ou menor emancipado.
- Estar empadroado no Concello de Boimorto de forma ininterrompida polo menos cun ano de antigüidade. Excepcionalmente poderán ser beneficiarias, logo de informe dos técnicos municipais de servizos sociais, aquelas persoas que carecendo deste tempo de empadramento en Boimorto a súa situación de urxencia social faga necesaria esta axuda.
- Acreditar a situación de necesidade.
- Achegar a documentación requirida en cada caso.
- Aceptación expresa, por parte da persoa usuaria, das condicións que figuran no deseño de intervención social.
- Acreditar mediante documento de declaración responsable de estar ao corrente das obrigas fiscais e coa Seguridade Social, así coma a declaración xurada ou promesa na que se faga constar que non se recibiu doutros organismos, e para a mesma finalidade, a axuda solicitada

Artigo 4. - Tipos de axudas:

Necesidades básicas non cubertas por outros sistemas de protección:

a) Cobertura de necesidades básicas con carácter xeral: · Alimentos, vestiario, aloxamento e demais indispensables para o desenvolvemento da vida diaria. · Gastos sanitarios: próteses oculares, prótese e arranxos dentais e gastos farmacéuticos e outros de análoga natureza que non poidan ser realizados pola seguridade social

. b) Axudas de uso e mantemento de vivenda: · Fianzas para alugueres de vivendas. · Importes pendentes para evitar o desafiuzamento. · Pequenos arranxos na vivenda habitual cando estes se

consideren imprescindibles para a permanencia no domicilio. · Limpezas e desentullos en vendas.

c) Outros gastos excepcionais, valorados polas persoas técnicas municipais de servizos sociais como indispensables para previr a marxinação e favorecer a normalización de individuos e familias.

d) Desenvolvemento de actividades de inserción socio- laboral tales como:

- Asistencia a cursos de formación: matrículas, material e transporte
- Atención ao menor: Actividades extraescolares, Libros e material escolar

Artigo 5. - Criterios xerais para a concesión das axudas

Para a concesión de axudas económicas haberanse de cumprir os seguintes criterios xerais:

a) Situacións acreditadas de necesidade

b) Que a necesidade obxecto da axuda estea valorada por unha persoa técnica de servizos sociais e integrada nun proceso de intervención social.

c) O pagamento da axuda efectuarase á entidade ou profesional que presta o servizo, cabendo a excepción deste requisito en casos moi xustificados e debidamente salientados no expediente que poderán ser aboadas á persoa solicitante.

Artigo 5. – Criterios de Valoración

Para a concesión da axuda de emerxencia social teranse en conta os seguintes indicadores:

a. Indicador económico: Con carácter excluínte. Carecer de ingresos anuais superiores ao IPREM que se fixe anualmente, incrementado nun 15% por cada un dos membros da unidade familiar. Para os efectos do cómputo dos ingresos para o recoñecemento da prestación, terase en conta a base imponible da última declaración da Renda das persoas físicas, previa aplicación ao mínimo persoal e familiar do imposto; e cando non sexa obrigatorio realizala, acreditará ingresos anuais inferiores ao límite establecido a través de nóminas, certificados do INEM, certificados da Seguridade Social sobre vida laboral ou percepción de pensións, certificación de xuros bancarios e os últimos movementos bancarios e calquera outra que se considere necesaria para acreditar os recursos económicos familiares. Computaranse como recursos a totalidade de ingresos que se obteñan polos conceptos de rendemento de traballo, retribucións, renda, prestacións nos 6 meses anteriores á data da solicitude. Descontarase o gasto de vivenda: alugueiro ou hipoteca, até un máximo de 350 €/mes. No suposto de que sexa unha familia monoparental con máis de un menor a cargo, ou con persoa con eivas ou dependente a cargo, incrementarase nun 0,8 o número de persoas computábeis.

b. Situacións de risco e/ou exclusión social. Valoraranse as situacións de desatención ou problemas de conduta nos menores que integran a unidade familiar; situacións carencias ou de conduta desarraigada que afectan aos proxenitores ou outros adultos integrantes da unidade familiar; situacións de violencia de xénero e outras circunstancias de risco non recollidas nos ítems anteriores.

c. Proceso de Intervención social, individual ou familiar. É para aplicar con persoas e/ou familias en proceso de atención nas que se dan situacións de especial necesidade.

Artigo 6. - Contía da axuda:

A contía máxima da axuda será do 300% dunha mensualidade do IPREM

Artigo 7. - Disponibilidade orzamentaria

A xestión orzamentaria das axudas recollidas na presente Ordenanza efectuarase con cargo á partida 231.48000, destinada para este fin e co límite dos créditos consignados nesta por un importe total de 2.471 €

Artigo 8. – Documentación

· Orixinal e fotocopia para compulsar o Documento Nacional de Identidade dos membros da unidade familiar que o posúan. No suposto de estranxeiros tarxeta de residente, de asilo ou refuxio ou calquera outro documento que permita súa estadía legal no país.

- Orixinal e fotocopia para compulsar do Libro de Familia ou calquera outro documento que acredite convivencia.
- Acreditación dos ingresos económicos de todos os membros da unidade familiar a través de: a) Nóminas, recibos, xustificantes de pensións, certificados do INEM ou calquera outro documento que acredite os ingresos da persoa ou unidade familiar. b) Declaración responsable do interesado/a na que se faga constar, se é o caso, a carencia absoluta de rendas familiares. c) En todo caso, asinarase por todos os membros da unidade de convivencia unha autorización para o acceso aos seus datos do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas. d) Declaración da persoa interesada de estar ao corrente das obrigas fiscais e coa Seguridade Social (artigo 24.4 e 24.5 do Real decreto 887/2006 do 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento xeral de subvencións), así coma a declaración xurada ou promesa na que se faga constar que non se recibiu doutros organismos, e para a mesma finalidade, a axuda que se solicita. e) Declaración de non estar incurso en ningunha das causas de prohibición para obter a condición de beneficiario/a da axuda.
- Achea dos movementos da conta bancaria dos últimos seis meses.
- Documentos acreditativos da situación de necesidade determinantes da solicitude que deben ser orixinais e se precisan devolución, indicar nestes que se concedeu a axuda para o seu pagamento, así coma o xustificante do seu custo ou presuposto.

Artigo 9. - Tramitación, resolución e notificación ós interesados

- Presentarase solicitude en modelo oficial dirixida a Excelentísima Sra. Alcaldesa e presentada no Rexistro Municipal do Concello. Así mesmo, poderase iniciar tamén de oficio mediante informe emitido polas persoas técnicas municipais de servizos sociais, que iniciará o expediente para todos os efectos.
- Estudo e valoración da petición, ou da situación no caso de terse iniciado de oficio, e das circunstancias familiares por parte dos servizos sociais municipais realizando un informe social da mesma.
- A proposta de concesión ou denegación da axuda será asinada pola Xunta de Goberno Local do Concello de Boimorto
- A proposta de concesión deberá axustarse necesariamente ás características destas axudas e á existencia de crédito axeitado e suficiente.
- Naqueles supostos nos que a situación do beneficiario presente extrema urxencia e gravidade poderase dictar resolución provisional ata que se complete o expediente. Se transcurrido o prazo establecido non completase o expediente ou non se confirmase a urxencia procederase á revogación da axuda e reclamación da cuantía percibidas.
- A resolución adoptada do expediente noificaráselle no domicilio do interesado no prazo de tres meses.

Artigo 10.- Forma de pagamento:

- A xustificación do gasto acreditarase mediante as facturas dos pagamentos e dos gastos realizados que deberán cumprir os requisitos regulamentarios establecidos.
- Os usuarios nunca percibirán as cuantías económicas directamente, o Concello efectuará o pago directamente ó proveedor, trala comprobación da factura correspondente.

Artigo 11.- Obriga dos beneficiarios:

- Destinar as axudas para o fin que foron outorgadas.
- Permitir e facilitar a labor das persoas que foron designadas para verificar a súa situación familiar e económicas.
- Comunicar ó departamento de servizos sociais todas aquelas variacións acaecidas na situación socio-familiar que poidan modificar as circunstancias que motivaron a solicitude.

Artigo 12.-Reintegro das axudas

Será causa de reintegro da axuda concedida o falseamento ou ocultación de datos para obter a axuda ou a baixa no padrón municipal

Artigo 13. - Incompatibilidade das axudas:

Será incompatible a concesión da axuda económica co goce gratuíto de servizos que cubran as mesmas necesidades. Así mesmo, non poderán outorgarse axudas polo mesmo concepto que fosen concedidas por outras Administracións ou organismo público. Exceptuarase este último requisito se a axuda concedida non solucionase a necesidade, podendo neste caso complementarse desde esta Administración sen que en ningún caso poida superar o custo total do obxecto da axuda.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.

Queda derogada a ordenanza con bases específicas para o outorgamento destas subvencións do ano 2015

DISPOSICIÓN FINAL. Esta Ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo ó que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora de bases de réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Contra esta Ordenanza poderá interponerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

ANEXO I

SOLICITUDE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL DO CONCELLO DE BOIMORTO

Nome e apelidos do solicitante.....

DNI..... Teléfono

Enderezo.....

Unidade económica de convivencia

Nome e apelidos	DNI	Idade	Parentesco

Ingresos mensuais

Nome e apelidos	Cantidade

Vivenda

Propia....., Alugada.....

Descrición da a solicitada e o importe da mesma

Declaro: Que son certos os datos que consigno na presenta solicitudes

Documentación que acompaño:

-
-
-
-
-
-
-
-
-

Boimorto a de de 2016.

Asdo.:

SRA ALCALDESA -PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO

**ANEXO II
DECLARACIÓN RESPONSABLE**

D/Dna..... con DNI..... e domicilio en

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE.

Que non percibo nin percibín no mesmo ano ningunha axuda para a mesma finalidade para a que solicito.

Boimorto a de de 2016.

Asdo.:

8.- PROPOSTA APROBACIÓN CONVENIO COLABORADOR SERVICIOS DE TURISMO

Pola Secretaría dase lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

“PROPOSTA APROBACIÓN CONVENIO COLABORACIÓN SERVICIOS DE TURISMO.

Vista a obtención de subvención conxunta polos Concellos de Sobrado , Vilasantar e Boimorto en relación a subvencións dirixidas aos concellos e agrupación de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes (resolución 10717/2016 de 12 de maio publicada no BOP nº 97 de 24/5/2016) pola que se subvencionada a contratación de persoal técnico para as oficinas de turismo.

Visto informe de Secretaría de data 26/09/2016 en relación a este expediente e o Convenio proposto para sinatura dos tres Concellos.

Propoño que o Pleno municipal por maioría absoluta dos seus votos **ACORDE:**

PRIMEIRO.- Aprobar o texto do Convenio colaboración servizos de turismo anexo a esta proposta.

SEGUNDO.- Certificado deste acordo sexa remitido os Concellos de Vilasantar e de Sobrado e se xestione a fixación de data paa a súa sinatura así como se remita este acordo tamén á Excma. Deputación Provincial de A Coruña en relación có expediente desta subvención.

ANEXO

PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA CONTRATACIÓN DE PERSOAL DAS OFICINAS DE TURISMO DOS CONCELLOS DE BOIMORTO, SOBRADO E VILASANTAR

En Boimorto a 8 de agosto de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, Dna. M^a Jesús Novo Gómez, en nome e representación do Concello de Boimorto.

Doutra parte, D. Luis Lisardo Santos Ares, en nome e representación do Concello de Sobrado.

Doutra parte, D. Fernando Pérez Fernández, en nome e representación do Concello de Vilasantar.

Todas as partes na representación que ostentan recoñécense mutuamente capacidade para celebrar este acto de conformidade co artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

EXPOÑEN

Primeiro.- Os Concellos, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

As fórmulas de colaboración entre as administracións públicas quedan fora do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro, como declara expresamente o artigo 4.c) desta norma e poden servir de instrumento para prestación dos servizos públicos sempre que non sexan contrarios ao interés público, ao ordenamento xurídico ou os principios de boa administración. Son patentes as economías que se consiguen na prestación conxunta dos servizos polo tanto tamén o serán baixo a fórmula típica de utilizar os servizos que ben prestando o concello limítrofe. Conclúese polo tanto que os Concellos de Boimorto, Sobrado e Vilasantar poden subscribir un convenio en materia de contratación de persoal para as oficinas de turismo sen crear un novo ente con personalidade xurídica, no marco do establecido nos artigos 3.1 e 6 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e nos artigos 6, 10 e 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril de bases do réxime local.

Vista a Resolución de Presidencia nº 9687/2016 do 4 de maio pola que se aproban as bases específicas reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para a financiación do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2016 (Resolución nº 10717/2016 do 12 de maio publicada no BOP núm 97 do 24/05/2016 de aprobación do programa de subvencións) , en cuxa base quinta recolle os requisitos que deberán reunir as entidades solicitantes e base sexta as obrigas específicas das entidades beneficiarias, ademais das establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo.- A través do presente convenio preténdese crear unha agrupación sen personalidade xurídica necesaria entre os Concellos de Boimorto e os de Sobrado e Vilasantar para a contratación de persoal técnico de turismo para a realización de actividades nas oficinas de turismo.

Terceiro.- Os concellos de Boimorto, Sobrado e Vilasantar pretenden por en común a contratación conxunta de persoal técnico para as oficinas de turismo que suporá a realización das funcións establecidas na memoria explicativa da solicitude de subvención. Os Concellos de Boimorto, Sobrado e Vilasantar carecen de persoal técnico adicado exclusivamente a este servizo. Consideramos unha medida importante a creación deste servizo para a agrupación antedita debido á proximidade existente entre cada un deles, facilitando desta maneira as funcións do servizo.

En base ao exposto, e coa finalidade de contratar persoal técnico para a realización de actividades nas oficinas de turismo para Boimorto, Sobrado e Vilasantar, acórdase a subscripción do presente convenio administrativo conforme ás seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- O Concello de Boimorto contratará ao persoal técnico de turismo no marco da colaboración pactada que prestará os seus servizos en conxunto para os tres concellos. O técnico de turismo realizará as funcións que aparecen determinadas na memoria explicativa enviada coa solicitude de subvención segundo as bases aprobadas por resolución de Presidencia nº

9687/20216 de data 4 maio de 2016 da Deputación Provincial da Coruña Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego e en cada un dos concellos agrupados a través deste convenio de colaboración, establecéndose a sede principal a oficina de turismo do Concello de Boimorto.

Segunda.- O alcalde de Boimorto será o encargado de tramitar a solicitude de subvención ante o organismo competente, sendo, así o Concello de Boimorto o receptor da subvención da Deputación Provincial da Coruña. O Concello de Boimorto realizará a selección, contratación e pagará as nóminas do técnico contratado que pasa a prestar os seus servizos en todos os termos municipais. Todas as actividades deste servizo desenvolveranse en todos os termos municipais que están agrupados, coa previsión de realizar tres días á semana en Boimorto, un en Sobrado e un en Vilasantar. A representación da agrupación de Concellos corresponderá ao alcalde de Boimorto, compartindo os tres Concellos ademais das obrigas establecidas como entidades beneficiarias na base sexta da artigo 12 resolución de Presidencia nº 9687/20216 de data 4 maio de 2016 da Deputación Provincial da Coruña Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego, as obrigas de aportación de novos e necesarios medios materiais, persoais, instalacións necesarias para o bo funcionamento do servizo sen asumir o Concello de Sobrado nin o Concello de Vilasantar ningún tipo de obriga económica en relación cos costes de nóminas do persoal técnico que se contratará.

Terceira.- Ao abeiro deste convenio non se crea ningún ente independente novo con personalidade xurídica propia.

Cuarta.- A organización do novo servizo rexerá polo establecido neste convenio así como por calquera outra cláusula previamente pactada que modifique a actual redacción, fixando as directrices do funcionamento diario o Alcalde de Boimorto como representante da agrupación destes tres Concellos.

Quinta.- O presente convenio rexirá dende a súa aprobación polo órgano competente de cada concello participante e entrará en vigor dende a resolución e a publicación pola Deputación Provincial da Coruña- Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego de aprobación e concesión definitiva de subvencións do programa DP0029: programa de subvencións a concellos e agrupacións de concellos da Coruña de menos de 50.000 habitantes para financiar gasto de persoal das oficinas de turismo ano 2016 e terá un período de duración equivalente ao período subvencionado.

Sexta.- Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Denuncia unilateral con preaviso de tres meses ou mutuo acordo.
- b) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- c) Polo vencemento do prazo de vixencia.

No caso de resolución do convenio cada Concello recuperará os medios persoais e materiais adscritos ao desenvolvemento deste.

Sétima.- Normativa aplicable

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable segundo a materia obxecto do convenio.

Oitava.- Xurisdición competente

As partes someterán as cuestións litixiosas ao coñecemento dos tribunais do orde xurisdicional contencioso- administrativo.

E para que así conste, en proba de conformidade, os asistentes asinan este convenio por triplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

O alcalde de (Sobrado):

O alcalde de (Vilasantar):

Asdo.- Luis Lisardo Santos Ares

Asdo.- Fernando Pérez Fernández

A alcaldesa de (Boimorto):

Asdo.- M^a Jesús Novo Gómez

Boimorto 26 de setembro de 2016

A Alcaldesa

Asdo.- M^a Jesús Novo Gómez”

Explica a Alcaldesa esta proposta e a súa importancia por ter o albergue e a caseta de información turística.

O concelleiro do BNG D. Xosé Luis Rivas di que non entende nada que xa fai un ano que o PP entrou e que non hai dinamización turística, que hai que coñecer a potencialidade da comarca en turismo antes de contratar un Técnico, as necesidades nesta materia non se solucionan en quince días cunha subvención. Para que ter servizos de colocación e emprego se non hai onde colocar a xente, di que o PP non ten proxecto, proxecto do Concello que se volta a etapa de Luis de Vereira obras boas e nada máis, sen dinamización.

Resposta a Alcaldesa que esa e a súa opinión.

Pregunta a concelleira Ana Ledo se xa hai contrato.

Sen máis intervencións con 6 votos a favor, 5 dos concelleiros do PP e un do membro non adscrito así como con 5 abstencións (tres dos concelleiros do PSdG-PSOE e dúas dos concelleiros do BNG) o Pleno municipal **ACORDOU:**

“PROPOSTA APROBACIÓN CONVENIO COLABORACIÓN SERVIZOS DE TURISMO.

Vista a obtención de subvención conxunta polos Concellos de Sobrado , Vilasantar e Boimorto en relación a subvencións dirixidas aos concellos e agrupación de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes (resolución 10717/2016 de 12 de maio publicada no BOP nº 97 de 24/5/2016) pola que se subvencionada a contratación de persoal técnico para as oficinas de turismo.

Visto informe de Secretaría de data 26/09/2016 en relación a este expediente e o Convenio proposto para sinatura dos tres Concellos.

Propoño que o Pleno municipal por maioría absoluta dos seus votos **ACORDE:**

PRIMEIRO.- Aprobar o texto do Convenio colaboración servizos de turismo anexo a esta proposta.

SEGUNDO.- Certificado deste acordo sexa remitido os Concellos de Vilasantar e de Sobrado e se xestione a fixación de data paa a súa sinatura así como se remita este acordo tamén á Excm. Deputación Provincial de A Coruña en relación có expediente desta subvención.

ANEXO

PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA CONTRATACIÓN DE PERSOAL DAS OFICINAS DE TURISMO DOS CONCELLOS DE BOIMORTO, SOBRADO E VILASANTAR

En Boimorto a 8 de agosto de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, Dna. M^a Jesús Novo Gómez, en nome e representación do Concello de Boimorto.

Doutra parte, D. Luis Lisardo Santos Ares, en nome e representación do Concello de Sobrado.

Doutra parte, D. Fernando Pérez Fernández, en nome e representación do Concello de Vilasantar.

Todas as partes na representación que ostentan recoñécense mutuamente capacidade para celebrar este acto de conformidade co artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

EXPOÑEN

Primeiro.- Os Concellos, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

As fórmulas de colaboración entre as administracións públicas quedan fora do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro, como declara expresamente o artigo 4.c) desta norma e poden servir de instrumento para prestación dos servizos públicos sempre que non sexan contrarios ao interés público, ao ordenamento xurídico ou os principios de boa administración. Son patentes as economías que se consiguen na prestación conxunta dos servizos polo tanto tamén o serán baixo a fórmula típica de utilizar os servizos que ben prestando o concello limítrofe. Conclúese polo tanto que os Concellos de Boimorto, Sobrado e Vilasantar poden subscribir un convenio en materia de contratación de persoal para as oficinas de turismo sen crear un novo ente con personalidade xurídica, no marco do establecido nos artigos 3.1 e 6 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e nos artigos 6, 10 e 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril de bases do réxime local.

Vista a Resolución de Presidencia n^o 9687/2016 do 4 de maio pola que se aproban as bases específicas reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para a financiación do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2016 (Resolución n^o 10717/2016 do 12 de maio publicada no BOP núm 97 do 24/05/2016 de aprobación do programa de subvencións)

, en cuxa base quinta recolle os requisitos que deberán reunir as entidades solicitantes e base sexta as obrigas específicas das entidades beneficiarias, ademais das establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo.- A través do presente convenio preténdese crear unha agrupación sen personalidade xurídica necesaria entre os Concellos de Boimorto e os de Sobrado e Vilasantar para a contratación de persoal técnico de turismo para a realización de actividades nas oficinas de turismo.

Terceiro.- Os concellos de Boimorto, Sobrado e Vilasantar pretenden por en común a contratación conxunta de persoal técnico para as oficinas de turismo que suporá a realización das funcións establecidas na memoria explicativa da solicitude de subvención. Os Concellos de Boimorto, Sobrado e Vilasantar carecen de persoal técnico adicado exclusivamente a este servizo. Consideramos unha medida importante a creación deste servizo para a agrupación antedita debido á proximidade existente entre cada un deles, facilitando desta maneira as funcións do servizo.

En base ao exposto, e coa finalidade de contratar persoal técnico para a realización de actividades nas oficinas de turismo para Boimorto, Sobrado e Vilasantar, acórdase a subscripción do presente convenio administrativo conforme ás seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- O Concello de Boimorto contratará ao persoal técnico de turismo no marco da colaboración pactada que prestará os seus servizos en conxunto para os tres concellos. O técnico de turismo realizará as funcións que aparecen determinadas na memoria explicativa enviada coa solicitude de subvención segundo as bases aprobadas por resolución de Presidencia nº 9687/20216 de data 4 maio de 2016 da Deputación Provincial da Coruña Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego e en cada un dos concellos agrupados a través deste convenio de colaboración, establecéndose a sede principal a oficina de turismo do Concello de Boimorto.

Segunda.- O alcalde de Boimorto será o encargado de tramitar a solicitude de subvención ante o organismo competente, sendo, así o Concello de Boimorto o perceptor da subvención da Deputación Provincial da Coruña. O Concello de Boimorto realizará a selección, contratación e pagará as nóminas do técnico contratado que pasa a prestar os seus servizos en todos os termos municipais. Todas as actividades deste servizo desenvolveranse en todos os termos municipais que están agrupados, coa previsión de realizar tres días á semana en Boimorto, un en Sobrado e un en Vilasantar. A representación da agrupación de Concellos corresponderá ao alcalde de Boimorto, compartindo os tres Concellos ademais das obrigas establecidas como entidades beneficiarias na base sexta da artigo 12 resolución de Presidencia nº 9687/20216 de data 4 maio de 2016 da Deputación Provincial da Coruña Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego, as obrigas de aportación de novos e necesarios medios materiais, persoais, instalacións necesarias para o bo funcionamento do servizo sen asumir o Concello de Sobrado nin o Concello de Vilasantar ningún tipo de obriga económica en relación cos costes de nóminas do persoal técnico que se contratará.

Terceira.- Ao abeiro deste convenio non se crea ningún ente independente novo con personalidade xurídica propia.

Cuarta.- A organización do novo servizo rexerá polo establecido neste convenio así como por calquera outra cláusula previamente pactada que modifique a actual redacción, fixando as directrices do funcionamento diario o Alcalde de Boimorto como representante da agrupación destes tres Concellos.

Quinta.- O presente convenio rexirá dende a súa aprobación polo órgano competente de cada concello participante e entrará en vigor dende a resolución e a publicación pola Deputación Provincial da Coruña- Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego de aprobación e concesión definitiva de subvencións do programa DP0029: programa de subvencións a concellos e agrupacións de concellos da Coruña de menos de 50.000 habitantes para financiar gasto de persoal das oficinas de turismo ano 2016 e terá un período de duración equivalente ao período subvencionado.

Sexta.- Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Denuncia unilateral con preaviso de tres meses ou mutuo acordo.
- b) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- c) Polo vencemento do prazo de vixencia.

No caso de resolución do convenio cada Concello recuperará os medios persoais e materiais adscritos ao desenvolvemento deste.

Sétima.- Normativa aplicable

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable segundo a materia obxecto do convenio.

Oitava.- Xurisdición competente

As partes someterán as cuestións litixiosas ao coñecemento dos tribunais do orde xurisdicional contencioso- administrativo.

E para que así conste, en proba de conformidade, os asistentes asinan este convenio por triplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

O alcalde de (Sobrado):

O alcalde de (Vilasantar):

Asdo.- Luis Lisardo Santos Ares

Asdo.- Fernando Pérez Fernández

A alcaldesa de (Boimorto):

Asdo.- M^a Jesús Novo Gómez

9.- APROBACIÓN CONTA XERAL 2015

Pola Secretaria dase lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

“PROPOSTA APROBACIÓN CONTA XERAL EJERCICIO 2015

Visto que na Comisión Informativa Permanente Especial de Contas de data 31/05/2016, en cumprimento do disposto no artigo 212 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto Lexisla-

tivo 2/2004 de 5 de marzo, procedeuse pola Comisión Permanente Especial de Contas ó exame da Conta Xeral do Orzamento da anualidade 2015 para o que tivo á vista dita Conta cos documentos correspondentes.

Examinados ditos documentos e resultando que confrontada a referida Conta Xeral co Orzamento, cos acordos de modificación do Estado de Gastos a liquidación do orzamento, mandamentos de pago e ingreso, acta de arqueo ó final do exercicio, a Comisión estimou que quedou debidamente xustificada dita Conta.

Visto informe de secretaría intervención a dita conta xereal de data 26/5/2016 que sinala o procedemento e se remite en relación ó contido ó xa informado en informe á liquidación de data 2/5/2016

Entendendo procedente a aprobación da Conta Xeral do exercicio 2015, non obstante, o cal previa exposición ó público, o Pleno do Concello co seu superior criterio acordará o que estime conveniente.

Exposta ó público a referida Conta Xeral municipal correspondente ó exercicio 2015 durante quince días e oito máis, non constando, reclamacións nin observación presentadas por interesados, solicito que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2015 do Concello de Boimorto.

SEGUNDO.- Render a Conta Xeral do exercicio 2015 ante o Tribunal de Contas

En Boimorto 26 de setembro de 2016

A Alcaldesa :

Asdo.- M^a Jesús Novo Gómez “

Sen máis intervencións con 11 votos a favor (5 dos concelleiros do grupo municipal do PP, un do concelleiro membro non adscrito, tres dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE e dous dos concelleiros do grupo municipal do BNG) o Pleno municipal **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2015 do Concello de Boimorto.

SEGUNDO.- Render a Conta Xeral do exercicio 2015 ante o Tribunal de Contas

10.- DACIÓN DE CONTA DECRETOS

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas entre os días; 28/06/2016 a 26/09/2016, número 228 a 419.

Pregunta a Alcaldía en aplicación do artigo 91.4 do ROF RD 2568/1986 de 28 de novembro se algún membro desexa someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompañou á convocatoria e que non teñá cabida no punto de rogos e preguntas. Non se presenta ningún asunto.

11.- ROGOS E PREGUNTAS

A Alcaldesa da a palabra á concelleira do grupo municipal do PsdG-PSOE que dí:

Bueno decirlle que o grupo ó que representamos o psde aquí en Boimorto estamos moi contentos de que tomen como referencia o noso programa electoral, eso quere dicir que e mellor que o que levaban vostedes, e decímolos pola senda peatonal que finalmente pois e posible realizala, e primeiro propoñémola nós, no programa despois imos nós a Deputación ó Presidente da Deputación e despois confirmannos que se vai a realizar e eso demostra que bueno vimos as necesidades que ten o concello de Boimorto , preocupámonos por estudialas e currámonos un programa electoral bo.

Vemos tamén que hai unha disposición pola Deputación de atender esas necesidades e por outra parte vemos que o seu programa electoral non...non sei por onde está o cumprimento do seu programa electoral. Bueno estamos contentos de todas maneiras de que se faga esa senda peatonal, recordar que cando fagan a memoria ou o proxecto metan alumeado porque tamen é ne-

cesario. Decir que deberían estar moi agradecidos coa Deputación, existe un presidente, non é porque sexa do psoe, cun gran talante cunha disposición para falar con todo o mundo o anterior presidente non o fixo con nós, o cal demostra moita ignorancia política.

Os veciños do Pedral teñen unha serie de necesidades, precisan que se corten as polas que dificultan o acceso ás vivendas, así como noutras parroquias, en Sendelle, por exemplo, existen pistas forestais que necesitan ser limpadas porque hai moito tempo que non se limpan. Recordamos a ver se dan feito vostedes o alcantarillado do Pedral e tamén existen unha serie de deficiencias entre a casa de Amador e a de Pepe, alí un punto oscuro si se pode solucionar, lembrarlle tamen o tramo de corredeiras a Boimil volve a estar feito un desastre. Poñer un indicador, sinalizar ou indicar de algunha maneira para que os peregrinos non crucen por esa senda, recordarlle tamén, non sei se fixeron algo, coa liña continua que hai ó pasar o mesón hacia Présaras, que se solicitara que a fixeran discontinua.

Tamén queremos saber en que situación está a liña de luz na area recreativa das corredeiras que para que os que non o sepan é unha liña que quedou do concello que sería moi bo que se puxera en funcionamento e permitir o uso a explotacións que non teñen iluminación ou enerxía eléctrica para subministrar as mesmas.

Tamen propoñemos que acerquen a inspección de maquinarias e apeiros de tratamentos fitosanitarios, ademais da ITV de tractores, unha ITV de este tipo de máquinas. Terceiras personas dixeronnos que preguntáramos se hai alguen que coñeza ó señor Eulogio Viñal.

O concelleiro membro non adscrito D. José Balado di que él fai uns cinco anos que o coñece.

Pregunta a concelleira do PsdG-PSOE que quen pagou a festa dos maiores se o fixo o Concello ou o grupo do PP xa que se enteraron de que por Andabao estiveron repartindo invitacións e nin eran traballadores do concello nin os concelleiros, era xente afín ó grupo popular que nes repartían as invitacións. Non son eleccións para dar invitacións, non son papeletas .

Tamén nos comentan que a pista de acceso a Cardeiro bacheouse de aquela maneira.

A Alcaldesa dalle a palabra ó concelleiro do grupo municipal do BNG D. Xosé Luis Rivas que di que fai un rogo, tedes o mal costume de botar sobre min cousas penosas. Eu non me opoño, en tal caso absteñome cando as cousas non son claras e poño por caso o POS 2016 , este señor non se opuxo, abstívose porque había obras que coincidían curiosamente con cercanías ou con casas da xente do Partido Popular.

Advirte da necesidade de cumprimento da legalidade, di é a vosa obriga e que non fagades electoralismo como outros.

Pregunta polo proxecto da carretera de Boimil, que se aglomerou un cacho de carretera de 600 metros, que o único que necesita é un rego porque fai servizo para unhas casas, e é máis está aglomerado hasta a entrada das casas, isto é un despilfarro de diñeiro público, e isto é bochornoso, volvemos ó século pasado, xa o dixen unha vez.....

Roga que se coiden dos comentarios que fan de él xa que de verdade é unha advertencia moi cordial, porque non vou tolerar que calquera que denuncie e que apareza no concello ou calquera comentario de que en tal sitio plantaron eucaliptos, nunca cortei un eucalipto, e nunca me opuxen á plantación de eucaliptos, son crítico con elas, pero non se me ocorre violentar a libre vontade de aquel que ten terras e quere plantalas. Non me opoño a nada de eso, nin interpreten nada de eso.

Roga que visto o PEIM, en Brates fíxose unha obra que da acceso a unhas explotacións pero se forades velas de vez en cando dariadesvos conta de que 50 metros máis para baixo hai un bache bastante grande e podíades decirlle ó contratista que está facendo aquilo que fora a rellenalo porque é bastante grande. É un bache que se vai agrandar no inverno, di que está diante da casa de Fandiño alí cerca das tabernas, é un bache que non te libras del se non pasas á outra banda.

Resposta a Alcaldesa que se vai amañar.

Eu quixera saber con respecto á residencia: primeiro, por que marcha Pablo, que me deades unha explicación de porqué renuncia. Quixera saber, por que non visitades a residencia de vez en cando. Primeiro: si a residencia, eu quixera saber se tedes unha previsión do gasto, de como están as contas. Canto é a perda de este ano.

A Alcaldesa di que non hai perdas a mes de xuño/xullo .

O concelleiro do BNG di que no momento de cobertura de vacacións empezan os problemas .

A Alcaldesa di que ata esa data hai superavit .

O concelleiro do BNG D. Xosé Luis Rivas roga que remate a carga de limpeza e lavandería sobre auxiliares, que se teña en conta o disgusto das traballadoras e o que repercute na residencia, roga tamén que se teña en conta o agravio comparativo en salarios entres auxiliares de clínica e persoal existente .

Roga que a oposición este presente en probas selectivas.

Interven Secretaría para dicir que iso non é legal.

Pregunta o mesmo concelleiro se son conscientes do voluntario na Residencia e da necesidade de agradecerllo.

Pregunta se a RPT se vai facer pola forza visto o malestar dos traballadores, así a machado, que quixeran ou non iba ir? Eu creo que vos tiñades que pensar no que vos opinabades, cando esta señora "sinala a Ana", que era a alcaldesa, presentou a RPT e aquí discutindo duramente, e a vosa postura de aquela non e a de hoxe. O malestar entre os traballadores e grande, non estou reproducindo unha cantinela, é grave, refirome a situación. Hai xente que antes viña brincando na punta do pe a traballar , porque se lle consideraba, porque se contaba con el, porque opinaba e participaba no desenvolvemento do servizo. Nestes momentos estan desexando que veña a fin de semana i esto é perigoso, porque se nos vai o concello, polo menos o modelo que había.

Di a Alcaldesa que o descontento dos traballadores non é de agora. Hai moitos traballadores que estan descontentos, e un dos motivos é o salario. Nos non puxemos o salario e esto vai engrandando porque teñen a esperanza de que esto cambie e intentaremos cambialo. Ti sabes como min que esto é verdade. Que inda non hai modelo de RPT que non se pasou nin o primeiro borrador. Veu aquí no mes de setembro a persoa que esta encargada de facela, e veu aquí para que a xente lle preguntase e non houberse malos entendidos. Nin dimes nin diretes. El trasladoulles como era unha RPT para que servía e o modelo que se podía seguir. Eu dixen diante del e dos traballadores que unha vez que se nos presente o modelo que se lle vai pasar ós traballadores. Eu non vou facer nada, ou esta corporación por detrás de ninguén. E si eles non estan contentos non se vai a sacar.

Reprocha o concelleiro do BNG palabras textuais polo señor que fai a RPT: “Esto vaise facer si ou si” Esto dixose diante dos traballadores.

Intervén Secretaria para sinalar que leva anos decindo que a aprobación dunha RPT é unha obriga legal, que a situación do persoal é precaria, estamos cunha temporalidade ilegal informada e a única solución para evitar seguir así é a RPT obrigatoria legalmente sen prexuízo de que quen non esté dacordo a impugne.

Pregunta o concelleiro do BNG da consciencia de que unha RPT feita así pode cargarse o Concello .

O concelleiro do PP D. Luis Rico di que vaise negociar cós traballadores.

Pregunta o concelleiro do BNG con cales cós da residencia e o pai que non aparecen e di que conste en acta todo xa que no próximo pleno a Alcaldesa dirá outra cousa.

A Alcaldesa di: dixenllo ás traballadoras do PAI. Elas van entrar, o que estamos estudiando se entra ou non e a residencia, esa é a verdade. .

Pregunta o concelleiro do Bng do motivo da falta de contestación a escritos que chegan ó concello.

Roga que a auga da traída veña en condicións.

Pregunta por que non se deixa medicar a xente deste Concello na Residencia , inda que non sexa competencia deste Concello hai xente que necesita un control da medicación.

Di a Alcaldesa que se está facendo reprocha o concelleiro do BNG que non é certo. A Alcaldesa fundaméntase no que lle dixeron nos servizos sociais e que mandou que se dese mentres non se lle da un servizo de axuda no fogar que de cobertura a estas necesidades .

O concelleiro do BNG di que se suspendeu o servizo durante días.

A Alcaldesa di que non é unha competencia do Concello e se buscará a forma de darllo inda que sexa na Seguridade Social.

Roga o concelleiro D: Xosé Luis Rivas que se fagan ordenanzas pendentes.

Continúa sinalando que conste que o goberno actual é ilexítimo.

Roga que cumpra o programa do PP prazas concertadas, escola de idiomas,...

Roga que se faga polo PP algo que se cargaron consorcio e non puxeron nada no seu lugar.

A Alcaldesa di:

En relación coas obras do POS que se fixo o que ven en proxecto.

Que o de Boimil é competencia da Xunta.

Que o bache non arranxado do Peim mirarase.

Di que vai á residencia todos os días e que o ATS marchou a outra residencia e iso é o que se lle traslada a ela que intentará saber a cal

O concelleiro do BNG D. Xosé Luis Rivas di que non é certo.

Sobre a RPT di que está intentando solucionar cós traballadores por problemas que xa se arrastran de antes que o PP non tratou mal ós traballadores que incluso facendo iguais traballos cobran menos.

Sobre a senda peatonal di que se pediu polo ben dos veciños do Pedral e que o saneamento levando anos o PSOE non o sacou , que fara o que poda.

Sobre a linea de luz en Corredoiras di que asinará en breve o convenio que o resolve.

O rogo sobre ITV fitosanitarios que xa se falou cunha empresa de oza .

Sobre Eulogio Viñal sinala que ela non o coñecía de nada e que non proceso contractual presentáronse máis de tres empresas .

Sobre o reparto de invitacións por membros do PP para a festa dos maiores interven o concelleiro do PP D. Luis Rico para sinalar que foi él quen o pediu xa que estaba có reparto e lle comunicaron a morte da súa nai.

O concelleiro do BNG D. Xosé Luis Rivas roga que de facerse saneamento no Pedral que non se faga con verteduras ó río que vaia a Alcaldesa a ver o que fixeron en San Sadurniño.

A Alcaldesa dalle a palabra á concelleira do BNG D^a Raquel Val que roga que se mire por evitar a existencia de casas e fincas con maleza.

Roga esta concelleira máis contenedores de vidro.

Roga que se mire para evitar sobre todo na Gándara pero tamén en máis contenedores que se deposite herba.

Roga pola senda do Campo do Fútbol e pola ruta do transvase dos Anxeles.

Roga retirada de carballo no campo da feira e amañar tubería ó aire .

Roga que non se faga a carreira popular o día da Festa.

Pregunta se hai axudas para as asociacións de veciños.

Di que o día 21 de agosto no acto do Concello por Corporación represaliada non se presentou nadie en representación do Concello roga que non se actúe así.

Resposta Alcaldía que xa está traballando o da maleza en propiedades privadas para actuar fronte denuncias.

Di que atenderá o rogo de máis colectores de vidro que se poñen pola empresa que o recolle e poñen poucos para menor custe en recollida .

A Alcaldesa di que xa falou coa empresa de mantemento de xardíns para evitar a práctica de deixar a herba nos contenedores.

Comprométese a arranxar tubería o aire.

Di a Alcaldesa que a carreira popular nesa data foi proposta polo Técnico de Deportes.

Sobre asociacións que as axudas reciben solo da Deputación Provincial e que esta estudian- do a posibilidade de axudalas ou ben as comisións que estan moi agobiadas ben asumindo o gasto do seguro,...

Di que o 21 de agosto non estaba en Boimorto e non puido asistir.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sra. Alcaldesa remata a sesión, sendo as 21:39 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura da alcaldesa-presidenta e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr
A ALCALDESA,

A SECRETARIA,

Asdo.- María Jesús Novo Gómez